

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 14 DE AO 17 DE ABRIL

Isto é o que tes que facer na primeira clase desta semana:

- Ola, aquí estamos de novo. Aprendemos algunhas cousiñas sobre a Lúa?
- Podes empezar lendo atentamente os apartados 4.1. (As características da Lúa), 4.2. (Os movementos e as fases da Lúa) e 4.3 (Electos da Lúa na Terra).
- Agora mira estes catro pequenos vídeos, o primeiro trata sobre as fases da Lúa, o segundo sobre as eclipses, o terceiro sobre as mareas e cuarto sobre curiosidades da Lúa.

<https://www.youtube.com/watch?v=lfPcs0cCjU>

<https://www.youtube.com/watch?v=zMk0NhycJQ>

<https://www.youtube.com/watch?v=UHPQNDDrOQk>

<https://www.youtube.com/watch?v=R2HXf6XpTZU>

- Fíxate, rematamos o tema. Ata mañá.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL

Isto é o que tes que facer na segunda clase desta semana:

- Hoxe vamos ler o seguinte texto.

“A chuvia de estrelas”

Observando o ceo nocturno, ás veces vemos “caer” estrelas que deixan unha estela branca: son as **estrelas fugaces**. Pódese ver calquera día e a calquera hora da noite, pero algunhas noites son máis frecuentes: entón falamos de “chuvia de estrelas”



En realidade, estas estrelas fugaces son partículas procedentes dun cometa, do tamaño da cabeza dun misto, que atravesan a atmosfera da Terra a gran velocidade (uns 50 km/s) e consómese nun fugaz raio de luz, que pode durar desde décimas de segundo ata dous ou tres segundos.

Isto ocorre porque a Terra, no seu camiño ao redor do Sol, atravesa periodicamente as órbitas dalgúns cometas que, como están poboadas por nubes de partículas cometarias, entran na atmosfera da Terra e producen este fenómeno. Cando o observamos desde o noso planeta, parece que toas as partículas proceden dun punto central: o **punto radiante**.

A constelación onde se encontre o punto radiante é a que lle dará nome á “chuvia”. Así, se está na de Perseo, a chuvia denomínase “Perseidas” (a noite do 11 de agosto); se está en Leo, chamarase “Leónidas” (a noite do 17 de novembro), e se está en Xéminis, “Xemínidas” (a noite do 14 de decembro).

Para contemplar unha chuvia de estrelas, o mesmo que para observar as constelacións, debemos situarnos en lugares onde a contaminación lumínica sexa moi reducida.

- No enlace que che poño a continuación pódense ver as “Perseidas do 2018.

<https://www.youtube.com/watch?v=sqyxbCsREZ8>

- Agora contesta a estas cuestións:

1.-

É mellor observar as estrelas no campo que na cidade, porque se ven moitas máis, xa que:

- a) A Lúa é máis brillante nas cidades e amortece a luz de moitas estrelas.
- b) O aire do campo contén máis po que o das cidades, e o po reflicte a luz.
- c) A luminosidade das luces da cidade fai que moitas estrelas sexan difíciles de ver.
- d) O aire é máis cálido nas cidades debido á calor que emiten os coches.

2.-

No texto hai varias palabras subliñadas. Investiga o seu significado e indica cales incluírías nun buscador de internet para descubrir o punto radiante das Leónidas.

3.-

Descubre os puntos radiantes das Capricórnidas, as Dracónidas, as Oriónidas e as Lyridas; así como a noite en que podemos velas con máis claridade. Utiliza unha táboa para organizar os teus datos.

4.-

A chuva coñecida como “as lágrimas de San Lorenzo” non é outra que a das Perseidas: investiga a que se debe ese nome e explícao.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL

Isto é o que tes que facer na terceira clase desta semana:

○ **Aplicando o aprendido.**

Vamos a falar de técnicas de orientación:

Podémosnos orientar facilmente en calquera lugar, sexa de día e de noite, sen necesidade de compás ou navegador GPS.

Como me oriento de noite

Se miras cara á Estrela Polar, estaralo facendo cara ao Norte; polo tanto, á túa dereita estará o Leste; detrás de ti o Sur, e á túa esquerda, o Oeste.



Como me oriento de día


Se non está nubrado, podémosnos orientar grazas a sombra dos obxectos e das persoas:

Método 1. No hemisferio norte, ao mediodía solar, o Sol está no punto máis alto e sinala cara ao Sur:

Se nos situamos nunha zona soleada á hora de mediodía solar (unha hora despois das doce se estamos en horario de inverno e dúas despois se estamos en horario de verán) e miramos cara á nosa sombra e poñemos os brazos en cruz, a sombra indícanos o Norte.



Método 2. Para orientarnos a calquera hora do día, necesitamos conseguir un pau:



- Colocámolo verticalmente nunha zona cha, e marcamos o extremo da sombra que proxecta cunha pedra ou outro pau ((marca a).
- Esperamos quince minutos e marcamos o lugar onde se encontre a sombra agora (marca b).
- A recta que une ambos os dous puntos marca a dirección Oeste-Leste (a-b).

- Agora fai as seguintes actividades:

1.-

Imaxina que estás contemplando unha posta de Sol. Se pos os brazos en cruz, que punto sinala a túa man dereita? E a esquerda?

2.-

No texto vimos como orientarnos de día se non está nubrado. Se é así, se está nubrado, debemos orientarnos grazas a “pistas” que nos ofrece a natureza; así:

- Os mofos e os líques abundan máis na cara norte dos troncos.
- Os aneis que vemos nun tronco cortado son máis anchos na súa cara sur.


Busca, en cada caso, por que sucede o indicado

- **Interpreta imaxes**

3.-

Fixate nas fotografías da Vía Láctea e responde:

- Di como se ve a vía Láctea desde a Terra e explica por que se ve así.
- Por que habitualmente non vemos a Vía Láctea desde a Terra?
- Canto mide a Vía Láctea de perfil?
- Indica en que brazo da galaxia se atopa a Terra.



BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B

PLAN DE TRABAJO PARA A SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL

Isto é o que tes que facer na cuarta clase desta semana:

- o Hoxe, para repasar e rematar a semana, vamos a responder ás seguintes cuestións:

1.- Observa detidamente a imaxe: que representa?

- a) a cara oculta da lúa
- b) un eclipse de lúa
- c) un eclipse solar
- d) a lúa chea.



2.- Que nome recibe o movemento da Terra arredor do Sol?

- a) movemento de rotación
- b) equinoccio
- c) movemento de translación
- d) movemento xeocéntrico

3.- Por que existe o día e a noite?

- a) polo movemento de rotación da Terra
- b) polo movemento de translación
- c) porque o Sol se move ó arredor da Terra
- d) porque o Sol sae polo Oeste

4.- Que é a Lúa?

- a) un planeta que sempre nos mostra a mesma cara
- b) o único satélite natural da Terra
- c) un satélite en torno o cal se move a Terra
- d) unha estrela: por iso brilla de noite

5.- Que nome recibe o instrumento que permite observar as estrelas e os planetas?

- a) microscopio
- b) periscopio
- c) telescopio
- d) endoscopio

6.- As estacións do ano débense ao movemento de translación terrestre e tamén:

- a) ao xeocentrismo
- b) ó cambio na Estrela Polar
- c) á rotación terrestre
- d) á inclinación do eixo terrestre respecto a eclíptica

- 7.- De que están feitas as estrelas?
- principalmente de Hidróxeno e Helio
 - só de hidróxeno
 - principalmente de Hidróxeno e neon
 - de hidróxeno e osíxeno
- 8.- Que é a Vía Láctea?
- o conxunto formado polo Sol e os seus planetas
 - unha constelación
 - unha galaxia espiral
 - un gran cúmulo estelar
- 9.- Por que brilla a Lúa?
- porque é unha estrela
 - porque reflicte a luz do Sol
 - porque ten luz propia
 - porque repele a luz solar
- 10.- Cal é o nome deste planeta xigante con aneis?
- Marte
 - Xúpiter
 - Venus
 - Saturno

11.- Esta nena está no Milladoiro. Observa ben a súa sombra. A que momento do día corresponde debuxo?



- ó amencer
 - ó mediodía
 - ó atardecer
 - depende da estación do ano na que se atope
- 12.- Indica cunha V ou unha F se estas frases son verdadeiras ou falsas:
- A Lúa é o planeta máis próximo a Terra.
 - Vivimos nunha galaxia chamada Vía Láctea.
 - O Sol é unha estrela da Vía Láctea.
 - Todos os planetas do Sistema Solar teñen as súas “lúas” ou satélites.

- Mira agora se podes facer estas actividades interactivas de autoavaliación nestes enlaces.

https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8420150/U01/U01_01_EPI_01/ai1_nb/index.html

https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8420150/U01/U01_01_EPI_06/universo_nb/index.html

https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8420150/U02/U02_01_EPI_02/las_estaciones_nb/index.html

https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8420150/U02/U02_01_EPI_05/eclipses_mareas_nb/index.html